

PRESENTACIÓN

A fundación ASPACE Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída ante notario o 24 de xullo de 2012, que ten como finalidade a protección das persoas con discapacidade, sendo a primeira en Galicia especializada na tutela e curatela de persoas con parálise cerebral e patoloxías asociadas.

A fundación foi impulsada pola Asemblea Xeral de socios da asociación ASPACE Coruña, ante a inxuedanza de moitas familias respecto ó futuro dos seus fillos e fillas e a inexistencia en Galicia dunha entidade tutelar específica para persoas con parálise cerebral.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación da fundación abrangue toda Galicia e os seus servicios centráanse na tutela e curatela das persoas asignadas xudicialmente e o asesoramento a familias en materia de protección e tutela.

A sede social da fundación está en Casteliño, 24 Osedo-15160 Sada (A Coruña) e o seu CIF é: G- 70338074.

PADROADO

O padroado da fundación está formado polos seguintes membros:

Presidente: D. Eulogio López Río

Vicepresidente: D. Jacinto Sánchez Peñasco

Secretaria: Dna. Ángeles Rouco Monterroso

Vogais: D. Antolín Manuel Rodríguez Martínez

D. Oscar Benito Portela Fernández (alcaldía de Sada)

FINS E ACTIVIDADES FUNDACIONAIS

A fundación recolle nos seus estatutos a consecución dos seguintes fins:

- ✓ Procurar a integración das persoas tuteladas no seu propio medio social.
- ✓ Proporcionar a atención persoal da propia persoa tutelada, velando polo seu coidado, rehabilitación e recuperación, facilitándolle os recursos dispoñibles.
- ✓ Orientar e asesorar ás persoas que exerzan funcións tutelares ou auxiliares de tutela.
- ✓ Promover a sensibilización social para fomentar o respecto ós dereitos das persoas coa capacidade xudicialmente modificada e a súa maior e mellor integración e normalización na sociedade.
- ✓ Promover a integración familiar do tutelado, dentro das condicións que garanticen a súa estabilidade, custodia e atención de todo tipo.

Para acadar estes fins, se promoverán as seguintes actuacións:

- ✓ Velar polo benestar individual, familiar e social das persoas tuteladas, así como pola protección do seu patrimonio.
 - ✓ Poñer en coñecemento do ministerio fiscal a existencia dunha posible causa de incapacitación dunha persoa, para que se adopte o sistema de apoios axeitado.
 - ✓ Comunicar ó Ministerio Fiscal ou órgano xudicial competente os feitos que puidesen dar lugar a causas de inhabilitación ou remoción de titores ou curadores.
 - ✓ A fundación poderá constituirse como gardadora de feito cando así o requiran as circunstancias persoais ou sociais dunha persoa susceptible de ver modificada a súa capacidade.
 - ✓ Exercitar as accións necesarias en favor das persoas tuteladas.
 - ✓ Asesorar e acompañar ós pais e nais coa patria potestade prorrogada ou rehabilitada e aqueles familiares ou profesionais que exerzan funcións tutelares, a través de citas individuais, accións formativas, divulgativas ou de sensibilización.
 - ✓ Coordinar as actividades da Fundación coas doutras entidades que realicen actuacións análogas ou complementarias.
-

ACTIVIDADES FUNDACIONAIS PREVISTAS PARA O ANO 2020

1. As actividades previstas para o ano 2020 son as seguintes:

- Mantemento do servizo de información e asesoramento sobre medidas de protección para persoas con parálise cerebral e outras patoloxías asociadas.
- Mantemento do servizo de pretutela como unha opción de futuro para aquelas familias que poidan precisar este recurso.
- Difusión da labor fundacional a través de charlas e actividades.
- Exercer a tutela das persoas coa capacidade xudicialmente modificada encomendadas por sentenza xudicial.
- Posta en marcha dun servizo especializado de asesoría xurídica destinado ás familias.

2. Recursos humanos:

A entidade conta cunha traballadora social con contrato indefinido. A través da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria dentro dos programas de cooperación se contratou un auxiliar administrativo, unha psicóloga e unha educadora social . Está prevista a contratación dun/unha avogado/a para atender o servizo de asesoría xurídica.

3. Beneficiarios do proxecto:

Persoas con parálise cerebral e patoloxías afíns e as súas familias.

4. Recursos económicos previstos:

Para levar a cabo esta actividade, se solicitarán as correspondentes axudas e subvencións convocadas por entidades públicas e privadas. Como entidade sen ánimo de lucro, a fundación non obterá ningún beneficio económico desta actividade.

Para o ano 2020 se solicitaron as seguintes subvencións e axudas:

- ✓ Subvención da Diputación da Coruña para o mantemento de servizos e programas de servizos sociais. Importe: 18.063,71 € anuais.
- ✓ Convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade. Importe: 10.000€ anuais.
- ✓ Convenio de colaboración co Concello de Sada. Importe: 1.000€ anuais.
- ✓ Convenio coa asociación ASPACE Coruña para colaborar na financiación dos servizos dirixidos ás familias e persoas usuarias da asociación. Importe: 21.000€ anuais.

En Sada, a 29 de maio de 2020

FUNDACIÓN ASPACE CORUÑA